

ASUNTO PLE/2021/00010671B

ACTA NÚM. 6 - SESIÓN EXTRAORDINARIA 12 DE MARZO DE 2021

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **11 horas** do día **12 de marzo de 2021**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión extraordinaria.
Sesión Telemática Zoom ID de reunión: 995 7361 8316.

ASISTEN:

Don Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente (presente no salón de sesións)

PSdeG-PSOE:

Dona Mercedes Rosón Ferreiro
Don Gumersindo Guinarte Cabada (presente no salón de sesións)
Dona María Milagros Castro Sánchez
Don Gonzalo Muíños Sánchez
Dona Marta Abal Rodríguez (presente no salón de sesións)
Don José Manuel Pichel Patiño (incorpórase no punto 1º)
Don José Javier Fernández Martínez
Dona María Esther Pedrosa Carrete
Don Rubén Pol Mariño

PP:

Dona Ana Belen Sabel Iglesias
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela (presente no salón de sesións)
Dona María Angeles Antón Vilasánchez
Don José Antonio Constenla Ramos
Don Evaristo Ben Otero
Don Ramón de Jesús Quiroga Limia
Dona Beatriz Cigarrán Vicente
Dona María Castelao Torres

CA:

Dona Branca Petra Novo Rey
Dona Marta Irene Lois González (presente no salón de sesións)
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez
Dona María Rozas Pérez (presente no salón de sesións)
Don Xan Xesús Duro Fernández

BNG:

Dona María Goretti Sanmartín Rei (presente no salón de sesións)
Dona Navia Rivas de Castro.

D. Juan Ramón González Carnero, interventor xeral municipal.
José Ramón Alonso Fernández, secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

Se presupón ao non manifestar ningún dos/as asistentes o contrario que todos/as se encontran en territorio español.

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación inicial da modificación puntual do título III do PXOM. Regulación de usos.
2. Aprobación inicial do orzamento e cadro de persoal para o ano 2021.
3. Dar conta do informe de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria no proxecto de orzamento xeral para o exercicio de 2021.

Cumpriméntase así:

1. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO TÍTULO III DO PXOM. REGULACIÓN DE USOS.

O informe xurídico e proposta da xefa da sección de xestión urbanística e da concelleira delegada da área de data 2 de marzo do corrente ano, que ven co conforme do secretario xeral do pleno, e en relación ao asunto do epígrafe, ten o seguinte contido:

“A Modificación formúlase de oficio polo Concello de Santiago, a través dos servizos técnicos de Planeamento, co obxecto principal de reformar a ordenación dos usos urbanísticos que se contén no vixente Plan xeral.

1. ANTECEDENTES

A modificación trae causa dun acordo adoptado polo Pleno Municipal o día 19 de decembro de 2019, que conclúe a conveniencia de *“estudar a reforma da normativa do vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) que regula os usos de aloxamento temporal e a súa compatibilidade co uso residencial nas distintas ordenanzas e plans de desenvolvemento”*

Para estudar a reforma, o Pleno Municipal acordou a suspensión previa ou facultativa do “procedemento de autorización de novos usos de aloxamento temporal” nos ámbitos delimitados ao efecto.

O acordo de suspensión publicouse no Diario Oficial de Galicia do día 27.12.2019 e entrou en vigor o día 28.12.2019. A súa vixencia remata o próximo día 17 de marzo de 2021, ao engadirse ao prazo do ano natural o período adicional de 79 días naturais durante o que se mantivo a suspensión dos prazos administrativos acordada na disposición adicional terceira do RD 463/2020 (suspensión vixente entre os días 14 de marzo e 31 de maio de 2020, ámbolos dous días incluídos)

2. PLANEAMENTO VIXENTE

O vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM), nos artigos 103 a 120 da súa normativa, define os distintos usos urbanísticos e actividades, regulando os requisitos e condicións urbanísticas esixibles para a súa implantación.

No artigo 105 defínense as características esenciais ou determinantes dos usos globais, que se agrupan en catro categorías principais:

- a) Residencial, destinados á proporcionar aloxamento estable ás persoas
- b) Terciario, que abrangue os distintos usos destinados á prestación de servizos ao público, “tales como os servizos de aloxamento temporal, comercio ou venda polo miúdo, servizos persoais, información e comunicación, administración, xestión pública ou privada, actividades e servizos financeiros e provisionais”
- c) Industrial
- d) Dotacional

Os usos pormenorizados figuran relacionados no apartado 3 do citado artigo 105, no que se establece una clara distinción entre os usos residenciais (vivenda e residencial comunitario), por unha banda, e o hoteleiro, por outra, que se define como un “uso terciario de servizo ao público de aloxamento temporal”

Os artigos 138 a 149 do PXOM conteñen as nomeadas “ordenanzas tipo da cidade” (ordenanzas 1 a 12), que regulan as distintas zonas de solo urbano consolidado, e os artigos 153 e 154 a ordenación do solo de núcleo rural (ordenanzas 13 e 14).

No artigo 150 inclúense as *ordenanzas singulares* aplicables aos distintos polígonos de solo urbano non consolidado delimitados no PXOM (polígonos NC 1 a 43), e no artigo 151 contense a ordenanza especial OE-1R (Vista Alegre), que remite, en canto aos usos autorizados, á ordenanza 4.

Nas disposicións transitorias e finais da normativa do PXOM efectúase una remisión expresa a plans aprobados con anterioridade, que adquieren así a condición de planeamento remitido ou incorporado, no que se establece a normativa de usos aplicable aos respectivos ámbitos. Noutros ámbitos, as disposicións finais do PXOM establecen a aplicación directa, en canto aos usos autorizados, das respectivas ordenanzas tipo da cidade.

3. CONTIDO E ALCANCE DA MODIFICACIÓN

A Modificación establece unha nova sistematización ou catálogo dos diferentes usos urbanísticos atendendo á súa verdadeira natureza e función na cidade, con independencia da categorización e regulamentación que poida establecer a normativa sectorial aplicable á actividade en cuestión, que se superpón así á estritamente urbanística.

O novo catálogo de usos, coa súa definición, tipos e condicións urbanísticas de implantación, supón unha nova redacción dos artigos 103 a 120 do PXOM. Polo tanto, a nova regulación **afecta a todo o termo municipal, coa única excepción do solo rústico**, que se rexe pola lexislación do solo de Galicia.

Unha vez sistematizados e definidos os distintos usos urbanísticos, establécese a regulación dos usos pormenorizados permitidos e prohibidos en cada una das ordenanzas e zonas, diferenciando os usos característicos, os complementarios do característico, e os compatibles. Esta nova regulación supón a reforma dos artigos 138 a 154 do PXOM.

Así mesmo modifícase a redacción do artigo 136, aplicable ao sistema de equipamento público, e engádese un novo artigo -o 136 bis- para regular os equipamentos e dotacións de carácter privado especificamente cualificados no plan.

Ámbito de aplicación

A nova regulación de usos resulta aplicable a todo o termo municipal, coa soa excepción do solo rústico, regulado pola lexislación do solo de Galicia.

As ordenanzas tipo do solo urbano, así como as ordenanzas de núcleo rural son aplicables:

- a) Nos seus respectivos ámbitos de ordenación, delimitados nos planos de ordenación do PXOM
- b) Naqueles outros ámbitos nos que a normativa do PXOM remite, en canto aos usos autorizados, ás respectivas ordenanzas tipo. Inclúense neste grupo:
 - As ordenanzas especiais OE-1, OE-1R, OE-3 e OE-7.
 - As unidades de xestión (UX) do PXOU de 1989 (relacionadas na disposición final 9ª do PXOM)
- c) Naqueles instrumentos de planeamento que remiten en canto á normativa de usos ás ordenanzas tipo e de núcleo rural do PXOM

Para a ordenación de usos nos polígonos de solo urbano non consolidado, regulados no artigo 150, engádese un novo artigo -o 150 bis- no que se relacionan os usos complementarios e compatibles autorizados.

Adaptación do planeamento remitido e incorporado, e dos plans de desenvolvemento en vigor

O PXOM vixente remite a ordenación detallada de determinados ámbitos a instrumentos de planeamento de desenvolvemento (plans parciais e especiais), ou a plans xa aprobados con anterioridade, os cales figuran relacionados nas disposicións transitorias e finais.

A reforma do PXOM obriga a adaptar e harmonizar a normativa de usos de todos os instrumentos de planeamento detallado que constan xa definitivamente aprobados e en vigor. Os criterios aplicados para realizar esta transposición descríbense polo miúdo no *Anexo II Análise do planeamento remitido*, integrándose o resultado desta adaptación na disposición final 1ª do PXOM.

Nun documento anexo ao presente informe contense un resumo máis extenso e detallado de todas as modificacións propostas.

4. XUSTIFICACIÓN DA OPORTUNIDADE E DA LEGALIDADE DA MODIFICACIÓN

No acordo adoptado polo Pleno Municipal o día 19.12.2019 descríbense os motivos principiaes que aconsellan reformar a normativa de usos establecida polo planeamento vixente no que atinxe principalmente aos usos de aloxamento temporal e á súa convivencia co residencial.

Posteriormente, no acordo adoptado polo Pleno o día 17.11.2020 indícase o seguinte:

“Segundo se explica no Documento ambiental estratéxico (DAE) e no Borrador da modificación, esta ten como obxectivo principal **preservar a función residencial da cidade e o necesario equilibrio de usos**, que son a mellor garantía dun

desenvolvemento urbano sostible que protexa os valores comerciais, culturais e residenciais dos distintos barrios da cidade.

A función máis representativa do planeamento urbanístico consiste en **ordenar a utilización do solo** de conformidade cos principios de desenvolvemento urbano sostible enunciados no artigo 3 do RD lexislativo 7/2015. A protección do uso residencial considérase un valor esencial, de xeito que a regulación dos outros usos e actividades debe servir a aquel obxectivo básico. Así o indica o citado precepto legal cando dispón que *“inserirán no tecido urbano cantos usos resulten compatibles coa función residencial, para contribuír ao equilibrio das cidades e dos núcleos residenciais, favorecendo a diversidade de usos, a aproximación dos servizos, as dotacións e os equipamentos á comunidade residente, así como a cohesión e a integración social”*

A vixente regulación de usos establecida nas ordenanzas tipo do PXOM contén una relación dos distintos usos pormenorizados que resultan autorizables, en moitos casos sen distinguir os que serían característicos ou principais daqueles outros que teñen o carácter de complementarios ou compatibles. Así, por exemplo, nalgunhas ordenanzas admítase que calquera parcela poida dedicarse, indistintamente, ao uso residencial ou a outros de carácter terciario (hoteleiro e outros), co risco que isto supón en canto á terciarización da cidade e á perda do seu tecido residencial.

O carácter esencialmente dinámico dos plans urbanísticos esixe a súa adaptación ás necesidades sempre cambiantes do interese xeral, proporcionando unha resposta razoable e eficaz ás novas circunstancias polas que estamos atravesando.

O continuo proceso de especialización da cidade de Santiago en usos vinculados ao turismo, por una banda, e, por outra, as restricións impostas pola pandemia (COVID-19), fan preciso reflexionar sobre aqueles aspectos da normativa urbanística que poderían axudar a fixar poboación residente e mesmo a diversificar o tecido económico e social, reducindo a excesiva dependencia económica do turismo e favorecendo os servizos dedicados ao residente. O mantemento do tecido residencial e comercial das cidades e da súa *biodiversidade*, configúrase como a principal garantía dun desenvolvemento urbano sostible, intimamente ligado ao singular valor da cidade *habitada*.

Neste contexto, o planeamento urbanístico pode intervir na ordenación dos concretos usos e actividades, ponderando o seu maior ou menor efecto sobre a protección do ecosistema urbano. Así o veñen recoñecendo os distintos Tribunais de Xustiza, incluído o da Unión Europea, cando declaran a lexitimidade das normas urbanísticas para impoñer restricións a determinados usos, sempre que se xustifiquen en razóns de interese xeral relacionadas coa protección do medio urbano.

O actual Regulamento de desenvolvemento da Lei do Solo de Galicia, no seu artigo 114, asigna ao planeamento xeral a **cualificación urbanística** do solo, isto é, “a asignación dos usos pormenorizados correspondentes a cada zona”, con indicación dos usos prohibidos e coa regulación dos expresamente permitidos, que inclúe así mesmo a definición do uso principal e dos *complementarios e/o compatibles*.”

Polo tanto, a presente Modificación pretende realizar una nova sistematización e regulación dos usos urbanísticos permitidos e prohibidos nas distintas zonas da cidade, coherente cos principios de desenvolvemento sostible positivizados no RD

lexislativo 7/2015, e cos seguintes obxectivos principais:

- Preservar a función residencial da cidade e o dereito constitucional de acceso á vivenda.
- Garantir a prevaenza do uso residencial característico, en especial naquelas zonas identificadas como *sensibles*.
- Manter o necesario equilibrio dos usos compatibles co residencial, favorecendo a implantación dos usos complementarios do residencial, e regulando a necesaria proporción dos outros usos compatibles ou alternativos.

Na memoria descríbense os obxectivos xerais e específicos da reforma, así como as liñas xerais da proposta de regulación do uso terciario de hospedaxe.

Os criterios aplicados e a ordenación resultante explícanse no Anexo I da Memoria, ao que expresamente me remito para unha mellor comprensión da proposta de integración dos usos de hospedaxe no tecido residencial.

5. INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO

Consonte ao regulado nos artigos 46.2.a) e 60 da LSG e 144.3 do seu Regulamento, e 29 e seguintes da Lei 21/2013 de avaliación ambiental, logo do acordo adoptado polo Pleno Municipal o 17.11.2020, remitiuse ao órgano ambiental a solicitude de avaliación ambiental estratéxica simplificada, acompañada do Documento ambiental estratéxico (DAE) e do Borrador da Modificación.

Por resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, de data 16.02.2021, emitíuse o preceptivo informe ambiental estratéxico. Coa resolución ambiental deuse traslado dos seguintes informes, emitidos no trámite de consultas:

- **Informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo**, que formula dúas observacións:

1. O uso “sector primario” non é un uso global dos previstos no Anexo ao RLSG
2. O uso da figura do Plan especial será acorde coas finalidades e supostos establecidos nos artigos 70 a 73 da LSG e concordantes do seu Regulamento.

O uso global “sector primario” que se define na Modificación abrangue as actividades agrícolas, gandeiras, forestais, extractivas e minerais, que non se poidan subsumir en ningunha das categorías de uso global previstas no Anexo do RLSG. A súa definición é clara, e resulta compatible coa sistemática establecida na presente Modificación.

Polo que atinxe á figura do Plan especial, o artigo 179 do RLSG define os Plans especiais de protección como aqueles que “*teñen por obxecto preservar o medio ambiente (...), o patrimonio cultural e outros valores análogos*”. A finalidade e alcance dos Plans especiais previstos no artigo 119 é preservar o medio ambiente urbano, a función residencial da cidade, a diversidade urbana e o necesario equilibrio de usos, sendo estes obxectivos plenamente acordes coa lexislación urbanística aplicable. Esta función protectora resulta tamén avalada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural no informe ao que de seguido nos referimos.

- **Informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural**, que avalía positivamente a reforma, concluíndo que “propón accións positivas cara a axeitada salvagarda do

patrimonio cultural”, con base nas seguintes consideracións:

(...) Por unha banda, coa permanencia da función residencial e diversificación de usos e actividades, o que contribúe ao mantemento do marco económico e social que se configura como contexto e soporte dos bens protexidos, máis aló da súa fisicidade; e por outra banda, co establecemento de determinacións específicas da ordenación pormenorizada garantan o mantemento do tecido vernáculo herdado; obxectivos que se ven apoiados polas novas figuras dos “Edificios singulares”, os “Plans especiais de uso dos edificios” e os “Plans de control dos usos”. Deste xeito evítase unha excesiva especialización nos usos que poida perturbar a natureza orixinal dos bens e os seus valores culturais, e se posibilita a lectura e comprensión das singularidades e puntos de inflexión nos procesos de transformación urbana, feitos que apoian a axeitada salvagarda do patrimonio cultural.

- **Informe do Instituto de Estudos do Territorio**, segundo o cal a modificación ten escasa incidencia paisaxística, polo que non formula obxeccións.

6. PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL

Con base en todo o exposto, propónse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

a) **Aprobar inicialmente a Modificación puntual do título III do Plan xeral de ordenación municipal (Regulación de usos)**, segundo o documento formulado polos Servizos Técnicos Municipais de Planeamento en marzo de 2021.

b) En aplicación do procedemento regulado nos artigos 60.6 da Lei 2/2016 do solo de Galicia (LSG) e 144.6 do ser Regulamento de desenvolvemento (RLSG), a Modificación inicialmente aprobada someterase a **información pública durante o prazo de DOUS MESES**, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión na provincia.

A documentación sometida a información pública incluírá todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluídos o Documento ambiental estratéxico (DAE), o informe ambiental estratéxico (IAE) e o resumo executivo.

Durante o trámite de información pública darase traslado da documentación á Dirección xeral de Ordenación do Territorio e de Urbanismo, para os efectos de que proceda a solicitar os informes autonómicos preceptivos e outorgue audiencia aos Concellos limítrofes.

Durante o trámite de información pública solicitaranse ao órgano competente da administración estatal os informes sectoriais preceptivos en materia de estradas e outras infraestruturas de transporte (aeroportos e ferrocarrís), aviación civil e telecomunicacións.

Suspensión de licenzas e actos suxeitos a comunicación previa

O acordo de aprobación inicial determina automaticamente, por aplicación do que dispoñen os artigos 47.2 da LSG e 86 do RLSG, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de edificación, parcelación e derruba que resulten

incompatibles ou contrarias ás novas determinacións da modificación inicialmente aprobada

A suspensión inclúe tamén os actos suxeitos a comunicación previa cando supoñan a implantación de usos ou actividades non autorizados polo novo planeamento (artigo 86.3.d do RLSG).

Actos non afectados pola suspensión

Dado o contido e alcance da reforma, a suspensión non afectará:

- Ás licenzas de parcelación e derruba
- Ás obras de nova edificación, reforma e rehabilitación, agás que conleven a implantación de usos ou actividades non autorizados polo novo plan
- Ás licenzas de primeira ocupación
- Aos proxectos que cumpran simultaneamente o planeamento vixente e o resultante da modificación inicialmente aprobada.
- Aos actos suxeitos a comunicación previa, agás que supoñan a implantación de usos ou actividades non autorizados polo novo plan

O ámbito territorial da suspensión abrangue todo o termo municipal, coa única excepción do solo rústico, que se rexe pola lexislación do solo de Galicia.

A suspensión terá a **duración máxima de DOUS ANOS**, contado a partires do día seguinte ao do acordo de aprobación inicial, e extinguirase en todo caso coa aprobación definitiva do planeamento.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da **maioría absoluta** do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei reguladora das bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e), punto 2 da mesma Lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.”

Así mesmo, tamén figura no expediente informe relativo aos efectos da suspensión en relación cos procedementos xa en suspenso, emitido pola xefa da sección de xestión urbanística con data 4 de marzo do corrente ano.

Á vista do informe proposta transcrito, e demais documentación que obra no expediente, máis o ditame favorable da comisión de urbanismo, infraestruturas, medio ambiente, medio rural e servizos de data 9 de marzo do corrente ano, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e Compostela Aberta (10 PSdeG-PSOE e 5 CA), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular e do BNG (8 PP e 2 BNG), polo tanto co quórum da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, acorda:

a) Aprobar inicialmente a modificación puntual do título III do Plan xeral de ordenación municipal (Regulación de usos), segundo o documento formulado polos Servizos Técnicos Municipais de Planeamento en marzo de 2021.

b) En aplicación do procedemento regulado nos artigos 60.6 da Lei 2/2016 do solo de Galicia (LSG) e 144.6 do ser Regulamento de desenvolvemento (RLSG), a

modificación inicialmente aprobada someterase a información pública durante o prazo de DOUS MESES, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión na provincia.

A documentación sometida a información pública incluírá todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluídos o Documento ambiental estratéxico (DAE), o informe ambiental estratéxico (IAE) e o resumo executivo.

Durante o trámite de información pública darase traslado da documentación á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e de Urbanismo, para os efectos de que proceda a solicitar os informes autonómicos preceptivos e outorgue audiencia aos Concellos limítrofes.

Durante o trámite de información pública solicitaranse ao órgano competente da administración estatal os informes sectoriais preceptivos en materia de estradas e outras infraestruturas de transporte (aeroportos e ferrocarrís), aviación civil e telecomunicacións.

Suspensión de licenzas e actos suxeitos a comunicación previa.

O acordo de aprobación inicial determina automaticamente, por aplicación do que dispoñen os artigos 47.2 da LSG e 86 do RLSG, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de edificación, parcelación e derruba que resulten incompatibles ou contrarias ás novas determinacións da modificación inicialmente aprobada

A suspensión inclúe tamén os actos suxeitos a comunicación previa cando supoñan a implantación de usos ou actividades non autorizados polo novo planeamento (artigo 86.3.d do RLSG).

Actos non afectados pola suspensión

Dado o contido e alcance da reforma, a suspensión non afectará:

- Ás licenzas de parcelación e derruba.
- Ás obras de nova edificación, reforma e rehabilitación, agás que conleven a implantación de usos ou actividades non autorizados polo novo plan.
- Ás licenzas de primeira ocupación.
- Aos proxectos que cumpran simultaneamente o planeamento vixente e o resultante da modificación inicialmente aprobada.
- Aos actos suxeitos a comunicación previa, agás que supoñan a implantación de usos ou actividades non autorizados polo novo plan.

O ámbito territorial da suspensión abrangue todo o termo municipal, coa única excepción do solo rústico, que se rexe pola lexislación do solo de Galicia.

A suspensión terá a duración máxima de DOUS ANOS, contado a partires do día seguinte ao do acordo de aprobación inicial, e extinguirase en todo caso coa aprobación definitiva do planeamento.

2. APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO E CADRO DE PERSOAL PARA O ANO 2021.

Durante o debate e despois da primeira intervención da concelleira dona Goretti Sanmartín, gárdase un minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero.

Rematado o debate procédese á votación, e o Pleno da Corporación por 10 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE e 15 votos en contra correspondentes aos/as concelleiros/as dos grupos políticos municipais do Partido Popular, de Compostela Aberta e do Bloque Nacionalista Galego (8 PP, 5 CA e 2 BNG), polo que non se acadaron os votos necesarios para a aprobación inicial do orzamento e cadro de persoal para o ano 2021.

3. DAR CONTA DO INFORME DE CUMPRIMENTO DO OBOECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA NO PROXECTO DE ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO DE 2021.

Dáse conta do informe de intervención xeral relativo ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria no proxecto de orzamento xeral para o exercicio de 2021.

Remata a sesión ás 13:01 horas. Dou fe.